



## **Informe-proposta sobre as convocatorias de axudas da Deputación Provincial de Pontevedra para servizos de normalización lingüística e para actividades de dinamización lingüística**

### **ANTECEDENTES**

Esta serie de axudas creáronse na provincia de Pontevedra no ano 2016, cunha [convocatoria](#) que combinaba subvencións, por unha parte, para a creación e o mantemento de servizos de normalización lingüística (SNL) e, por outra, para o desenvolvemento de actividades en concellos que non pedían a axuda para os SNL. É dicir, ambas axudas eran incompatibles e os concellos debían optar por unha ou outra segundo as súas características ou preferencias.

Esta modalidade de axudas mantívose case igual durante os anos [2017](#), [2018](#) e [2019](#). Os únicos cambios foron o aumento do orzamento e o requirimento a partir de 2018 da aprobación dunha ordenanza de normalización lingüística nos concellos que pedían a axuda para actividades de dinamización da lingua.

O **resultado** desta serie de axudas foi **escaso para a creación de servizos de normalización lingüística**: só se creou un departamento técnico no Concello de Nigrán, hoxe inexistente, que funcionou en anos alternativos e a xornada parcial. Algúns outros concellos, como Gondomar e Bueu, solicitaron axudas para a creación de servizos, pero non chegaron a crealos.

A CTNL fixo unha [valoración destas convocatorias no ano 2017](#). Neste texto recomendabamos unha **aposta máis firme pola creación, mantemento e reforzo de servizos de normalización lingüística**, pois consideramos que unha institución coma a Deputación debe promover o labor técnico en normalización lingüística a través de servizos especializados estables, dotados de persoal e orzamento suficiente. Só así se poden **planificar, xestionar, executar e avaliar accións e programas de normalización lingüística continuados no tempo e con maior incidencia social**. Polo



contrario, o que non debería potenciar unha administración pública son actividades esporádicas, sen contextualizar, sen uns obxectivos claros de promoción da lingua, sen avaliación nin reorientación cando cómpre, e que en moitos casos duran unha semana, un mes ou un día.

Por outra parte, a Dirección Xeral da Administración Local e a Secretaría Xeral de Política Lingüística publicaron en 2018 o *Informe sobre a prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local en exercicio de competencia propia* (<https://i.gal/F1yH5>), co cal aclaraban que **as entidades locais de Galicia teñen entre as súas competencias a normalización lingüística**, é dicir, a promoción do uso e do prestixio da lingua galega en todos os ámbitos de influencia da entidade. Para **exerceren de forma eficaz as súas competencias en normalización lingüística** os concellos deben dotarse dun departamento técnico especializado, como en urbanismo, servizos sociais ou calquera outra área. Este departamento no noso caso é un **servizo de normalización lingüística**, que ademais debe ser estable e estar dotado de persoal e orzamento suficiente, para poder analizar a situación da lingua na entidade local, no municipio ou na comarca, asesorar a entidade en política lingüística e para **planificar, xestionar, executar e avaliar accións e programas de normalización lingüística** que interveñan nas áreas prioritarias onde o galego perde prestixio ou utilidade.

No ano 2018, A Mesa pola Normalización Lingüística elaborou, a pedimento da Deputación de Pontevedra, unha [auditoría sobre o uso do galego nas entidades locais da provincia](#). Un dos aspectos que se valoraron era a existencia de SNL nas entidades locais e o informe concluíu que só 12 concellos dispoñían de servizo de normalización lingüística.

Na actualidade, febreiro de 2021, **unicamente hai servizo de normalización lingüística en oito concellos da provincia**, de acordo dos datos da [Guía da lingua do Kit para a normalización en rede](#), do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia do Consello da Cultura Galega. Son **Pontevedra, Vigo, Redondela, Moaña, O Grove, A Cañiza, Pontearreas e A Estrada**. É un número escasísimo se o comparamos cos 61 concellos que ten a provincia; alén disto, en Pontevedra hai 17 vilas de tamaño medio



(máis de 10 000 habitantes) sen SNL: Vilagarcía de Arousa (está vacante a praza de TNL por xubilación), Cangas, Marín, Lalín, O Porriño, Nigrán, Sanxenxo, Tui, Poio, Mos, Gondomar, Cambados, Tomiño, Baiona, Bueu, Vilanova de Arousa e A Guarda. Están próximas a esta poboación Salvaterra de Miño, Caldas de Reis e Salceda de Caselas. E mesmo hai cinco comarcas na provincia sen ningún SNL: Baixo Miño, Caldas, Deza, A Louriña e Val Miñor.

## **AXUDAS CONVOCADAS EN 2020**

No ano 2020 mudou a modalidade de axudas existentes até o momento na Deputación Provincial de Pontevedra. Algúns dos **cambios** son claramente **positivos** e deben salientarse. Mais tamén houbo puntos negativos, quizais algúns provocados pola situación excepcional do ano 2020, que deberían corrixirse nas vindeiras convocatorias.

### **Aspectos positivos das axudas de 2020**

Separáronse en dúas convocatorias diferentes as axudas para os servizos de normalización lingüística e para actividades de dinamización lingüística, o que supuxo que non estivesen excluídos das segundas axudas os concellos con SNL, como ocorrera nos anteriores anos. Esta incompatibilidade era discriminatoria para os concellos que tiñan servizo de normalización lingüística, pois recibían proporcionalmente menos axuda ca o investimento que facían nesta área de traballo.

Outro aspecto positivo foi que se aumentaron o importe das axudas a cada concello para os SNL (até 20 000 euros) e as modalidades, pois engadiuse a posibilidade de reforzo dos servizos, é dicir, as axudas pasaron a ser para a **creación**, o **mantemento** e o **reforzo**.

### **Aspectos negativos das axudas de 2020**

O primeiro aspecto negativo, o **atraso na publicación das convocatorias**, se cadra é consecuencia dun ano extraordinario e complicado para o traballo das administracións públicas, mais é un aspecto que non queremos deixar de mencionar porque é moi



relevante para a participación das entidades destinatarias das axudas. De feito, parece evidente que ese atraso dificultou a participación no ano 2020.

As axudas para os servizos de normalización lingüística publicáronse o 16 de xullo, en plenas vacacións de verán. Tamén a resolución definitiva se atrasou moito, pois non se publicou até despois de acabado o ano, o que fixo imposible a creación de servizos de normalización lingüística. O resultado foi que ningún concello pediu axuda para reforzo, só catro concellos obtiveron axuda para o mantemento a pesar de que na provincia hai algún máis que podería beneficiarse, e só obtivo axuda para a creación O Porriño, que non chegou a crealo.

A convocatoria de axudas para actividades publicouse aínda máis tarde, en outubro, e estaba destinada a accións desenvolvidas desde o 1 de xaneiro até o 31 de decembro de 2020. A resolución, como era esperable, tamén se adiou até o comezo do novo ano.

Con esta segunda convocatoria, quizais tamén por ser publicada moi tarde, só se subvencionou **unha acción por concello**, cando a normalización lingüística debe ser un labor progresivo e desenvolvido mediante programas que inclúan diferentes accións, non por medio de actividades dispersas. Por outra parte, o obxecto das subvencións estaba moi pechado e centrábase en áreas como certames, publicacións, homenaxes, Día das Letras Galegas...; só se incluía un ámbito alleo ás manifestacións culturais, o fomento do emprego do galego no comercio e na industria.

Outra eiva destas axudas é que non se tivo en conta que o concello contase con SNL, nin como requisito nin como parte do baremo. Perdeuse así a posibilidade de favorecer os concellos que traballan todo o ano en normalización lingüística con unidades técnicas estables.

O resultado destas axudas foi que se subvencionou a edición de sete publicacións, cinco certames de diferente tipo (incluídos o Premio Lueiro Rei de xornalismo e poesía e o Premio Ferro Couselo de investigación), dous concellos pediron a axuda para celebrar o Día das Letras Galegas con actividades que nalgúns casos eran tamén certames, outros dous para facer actos conmemorativos ou homenaxes e dous pediron a axuda para

desenvolver campañas no comercio. No resto das axudas non é fácil deducir a partir do título en que consistiron as actividades.

### **Propostas de modificación**

Xa valoramos positivamente que se separasen as dúas convocatorias e que se permita acceder a todos os concellos a ambas. Pero, aínda que sexan convocatorias diferentes, é necesario que as dúas persigan o mesmo obxectivo xeral: **favorecer que o labor de promoción da lingua sexa continuado a través de estruturas técnicas de normalización lingüística nos concellos da provincia**. Con este fin común propomos as seguintes modificacións nas convocatorias:

1. Ambas as **convocatorias deben publicarse o máis pronto posible durante o ano**, para que as entidades poidan beneficiarse máis tempo das axudas, sobre todo pensando na creación e no reforzo de servizos de normalización lingüística. O ideal sería que esta convocatoria se publicase mesmo antes de que comezase o ano ou como moi tarde nos tres primeiros meses. É recomendable que primeiro se convoque a axuda para os departamentos técnicos e logo a destinada a actividades, pero esta tamén con tempo suficiente para elaborar un programa de normalización lingüística.
2. Dado que é moi necesaria a creación de SNL en concellos de tamaño medio na provincia, recoméndase favorecer esta modalidade de subvención cunha axuda un pouco maior ca no caso do mantemento de SNL, alén de procurar o compromiso da entidade local para dar continuidade ao SNL.
3. Tamén se debe favorecer o reforzo dos SNL das cidades ou vilas máis grandes, pois é evidente que é necesario máis persoal neses contextos. Na actualidade ningún servizo de normalización lingüística da provincia ten máis dun/dunha técnico/a de normalización lingüística, nin sequera Vigo, que é a maior cidade de Galicia.
4. En xeral as axudas para o mantemento, a creación e o reforzo de servizos de normalización lingüística deben aspirar á creación dunha rede de SNL na provincia que poidan colaborar e optimizar recursos.



5. Nas axudas para actividades de normalización lingüística deben subvencionarse programas de normalización da lingua, non accións dispersas, pois a responsabilidade das entidades locais no proceso de normalización da lingua non é puntual, senón permanente. No baremo cumpriría valorar a duración dos programas e o número de actividades que inclúan.
6. Tamén é recomendable valorar no baremo a transversalidade dos programas e a colaboración de diferentes áreas ou departamentos do concello neles.
7. Os ámbitos de traballo prioritarios deben ser a infancia e a mocidade, a economía, o comercio, as novas tecnoloxías, o lecer, o deporte..., en lugar de certames literarios, homenaxes, Día das Letras Galegas ou manifestacións culturais en galego.
8. Debe terse en conta no baremo de forma importante que o concello conte cunha unidade técnica de normalización lingüística ou que a vaia crear no mesmo ano. Nas axudas para a creación de SNL debería informarse os concellos de que ter SNL vai puntuar nas axudas para actividades. Desta forma, engádese outro incentivo máis á axuda económica para crear os SNL.

Por último, xa fóra das convocatorias de axudas, suxerimos que a propia Deputación Provincial se dote dun servizo de normalización lingüística, que a asesore na elaboración das bases e na valoración dos programas, que colabore cos concellos da provincia e que poida traballar conxuntamente coa rede de SNL deseñando estratexias comúns de traballo en normalización da lingua.

Pontevedra, 21 de febreiro de 2021